



IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

Amoeiro

Notificación colectiva de cobranza do IBI 2018

De conformidade co disposto no artigo 12 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, comunícaselles aos contribuíntes que as listas cobratorias do imposto sobre bens inmoables - IBI -, de rústica e urbana, do exercicio 2018, se porán ao cobro, en período voluntario, dende o día 2 de xullo ao día 31 de agosto.

Os contribuíntes recibirán no seu domicilio un tríptico ou documento de pago co que se poderá facer efectivo o importe correspondente en calquera das oficinas da entidade Abanca ou na oficina de recadación do concello, no período de pago antes mencionado.

No caso de que algún contribuínte non reciba o indicado tríptico, poderá solicitar un duplicado nas oficinas municipais e o mesmo tempo deberá corrixir os posibles datos erróneos que orixinaron a falla de recepción de este; o feito de non recibir os impresos non os exime da obriga de efectuar o pagamento no mencionado período voluntario de cobranza, sempre que figure como contribuínte nas respectivas listas cobratorias.

Unha vez rematado o prazo de cobro en voluntaria, aqueles contribuíntes que non efectuaran o pago, incorrerán en recarga de prema de conformidade co artigo 28 da Lei xeral tributaria, Lei 58/2003.

Amoeiro, 20 de xuño de 2018. O alcalde.

Asdo.: Rafael Rodríguez Villarino.

Notificación colectiva de cobranza del IBI 2018

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 12 del Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de Haciendas Locales, se comunica a los contribuyentes que las listas cobratorias del impuesto sobre bienes inmuebles - IBI -, de rústica y urbana, del ejercicio 2018, se pondrá al cobro, en período voluntario, desde el día 2 de julio al día 31 de agosto.

Los contribuyentes recibirán en su domicilio un tríptico o documento de pago con el que se podrá hacer efectivo el importe correspondiente en cualquiera de las oficinas de la entidad Abanca o en la oficina de recaudación del ayuntamiento, en el período de pago antes mencionado.

En el caso de que algún contribuyente no reciba el indicado tríptico, podrá solicitar un duplicado en las oficinas municipales y al mismo tiempo deberá corregir los posibles datos erróneos que originaron la falta de recepción de este; el hecho de no recibir los impresos no los exime de la obligación de efectuar el pago en el mencionado período voluntario de cobranza, siempre que figure como contribuyente en las respectivas listas cobratorias.

Una vez rematado el plazo de cobro en voluntaria, aquellos contribuyentes que no efectuaran el pago, incurrirán en recargo de apremio de conformidad con el artículo 28 da Ley General Tributaria, Ley 58/2003.

Amoeiro, 20 de junio de 2018. El alcalde.

Fdo.: Rafael Rodríguez Villarino.

R. 2.075

Gomesende

Anuncio conta xeral 2017

En cumprimento de canto dispón o artigo 212, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público a conta xeral correspondente ao exercicio 2017, por un prazo de quince días, durante os que e oito máis quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

Gomesende, 20 de xuño de 2018. A alcaldesa.

Asdo.: Pura Rodríguez Álvarez.

Anuncio de cuenta general 2017

En cumplimiento de cuanto dispone el artículo 212 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, y una vez que fue debidamente informada por la Comisión Especial de Cuentas, se expone al público la cuenta general correspondiente al ejercicio 2017, por un plazo de quince días, durante los que y ocho más quienes se estimen interesados podrán presentar reclamaciones, reparos u observaciones que tengan por convenientes.

Gomesende, 20 de junio de 2018. La alcaldesa.

Fdo.: Pura Rodríguez Álvarez.

R. 2.087

O Irixo

Edicto

Por Resolución da Alcaldía con data 5 de xuño de 2018, de acordo co disposto na LRBRL, aprobáronse as bases reguladoras, xerais e específicas, que se publican nos seguintes termos: Proceso selectivo para a provisión de prazas vacantes na relación de postos de traballo do Concello do Irixo

En cumprimento do establecido na LRBRL, publícase que por Resolución da Alcaldía do 5 de 6 de 2018, aprobouse a convocatoria e as bases que rexerán a provisión, polo procedemento de concurso-oposición, de dúas prazas de persoal laboral fixo vacantes na relación de postos de traballo do concello.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso de reposición ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao do último día de publicación do anuncio nos boletíns oficiais correspondentes, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ou nos xulgados do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

O texto íntegro das bases aprobadas insírese a continuación: Bases xerais, bases específicas e convocatoria do proceso de provisión de dúas prazas de persoal laboral fixo vacantes na relación de postos de traballo do concello, polo procedemento de concurso-oposición.

Bases xerais

Primeira. Obxecto

Esta convocatoria e bases teñen por obxecto a regulación dos procesos selectivos de persoal para a provisión de 2 prazas de



persoal laboral fixo, que de seguido se relacionan, vacantes no cadro de persoal laboral do Concello do Irixo, polo procedemento de concurso-oposición:

- 2 Prazas de peón de servizos varios.

Segunda. Requisitos dos aspirantes

1.- Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os requisitos que de seguido se relacionan, sen prexuízo do que establezan as respectivas bases específicas de cada unha das prazas ofertadas:

a) Ter nacionalidade española, ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou doutro Estado, de conformidade co establecido no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

b) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade, nin defecto físico, ou psíquico incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

d) Non estar separado/a do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio das funcións públicas.

e) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

f) Estar en posesión do título académico esixido nas bases específicas de cada praza na data en que remate o prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase ter a credencial que acredite a súa homologación.

g) Estar en posesión do carné de conducir tipo C.

h) Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

2.- Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como persoal do concello, se é o caso.

Terceira. Solicitudes

1.- As persoas que desexen participar nos procesos selectivos convocados deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ao alcalde na que consten os datos do/da solicitante, domicilio, teléfono de contacto, DNI e proceso selectivo no que pretende participar. O feito de presentar solicitude de participación implica que o/a interesado/a reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nestas bases xerais e nas bases específicas da praza á que se presentan, na data en que remate o prazo para a presentación de instancias.

2.- A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia cotexada do DNI, ou do documento que acredite a súa nacionalidade.

3.- O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, mediante extracto, e previa publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

4.- A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do concello, ben en calquera das formas establecidas no artigo 38.4, da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5.- Os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, no seu caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e de medios para a realización dos exercicios nos que a adaptación fose necesaria.

Cuarta. Dereitos de exame

Os/as aspirantes, para poder participar en cada unha das probas selectivas convocadas, deberán aboar, en concepto de dereitos de exame, a cantidade estipulada nas bases específicas de cada unha das prazas convocadas, que se ingresarán na conta ES82 2080 5306 48 3110003448

En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude, segundo o disposto na base terceira.

Quinta. Admisión dos aspirantes

1.- Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía, no prazo máximo dun mes, ditará resolución, declarando a lista provisional de admitidos/as, con especificación, se é o caso, dos motivos de exclusión, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, concedendo un prazo de 10 días contados a partir do seguinte ao de publicación da resolución para reclamacións ou para poder emendar, se é o caso, o defecto que motivase a exclusión.

2.- As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución da Alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as; na mesma determinarase o lugar, data e hora de comezo do proceso selectivo, así como a composición do tribunal. A referida resolución publicarase no taboleiro de anuncios do concello.

3.- O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza aos/ás interesados/as posuír os requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no caso de superar as probas selectivas.

Sexta. Tribunal cualificador

1.- O tribunal cualificador será designado pola Alcaldía a teor e de conformidade co sinalado no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público e co establecido no Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e estará composto polos seguintes membros:

Un presidente.

Un secretario, que tamén actuará como vogal.

Dous vogais.

Sétima. Desenvolvemento do proceso selectivo

Fase de concurso

A fase de concurso, que non terá carácter eliminatorio, será a primeira obxecto de valoración. Unha vez publicada a lista de aspirantes admitidos, o tribunal reunirse en sesión non pública para valorar os méritos alegados e debidamente acreditados. O resultado da valoración publicarase mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios do concello, con anterioridade á realización do primeiro exercicio da fase de oposición e ata a resolución final do proceso.

Nas bases específicas de cada praza, que completan estas xerais, concretarase o baremo de valoración de méritos.

Fase de oposición

En orde a comprobar a idoneidade dos/as candidatos/as, a fase de oposición constará de tres partes: un exercicio teórico, un exercicio práctico e unha proba de galego. A puntuación de cada exercicio atoparase calculando a media aritmética das puntuacións outorgadas por cada membro do tribunal.

Primeiro exercicio: proba teórica

Proba de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistente na realización dun exame tipo test relacionada coas funcións e características do posto a cubrir, así como coñecementos básicos sobre o Concello do Irixo. A duración da mesma especificase



en cada unha das bases específicas que complementan estas bases xerais.

Segundo exercicio: proba práctica

Proba de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistente na realización dunha práctica relacionada coas funcións e características do posto a cubrir. A duración da mesma especificase en cada unha das bases específicas que complementan estas bases xerais.

Terceiro exercicio: proba de galego

Será un exame de lingua galega, que terá carácter obrigatorio agás para os/as candidatos/as exentos, e non eliminatorio, e que consistirá na realización dunha tradución, sen dicionario, do castelán ao galego, dun texto que será facilitado polo tribunal, nun tempo máximo de 30 minutos.

Estarán exentos desta proba os aspirantes que presenten o título do Celga 3.

Oitava. Cualificación

Nas bases específicas que completan estas xerais concretarase o sistema de cualificación dos distintos exercicios. En todo caso, a puntuación obtida na fase de concurso non se poderá aplicar para superar a fase de oposición.

A cualificación final será a suma dos puntos obtidos na fase de oposición e na fase de concurso.

Novena. Relación de aprobados, presentación de documentos e nomeamento

Unha vez realizadas as valoracións, o tribunal elevará á autoridade convocante as puntuacións obtidas no proceso selectivo e o nome dos/as aspirantes que o superaran e, cando proceda, propondrá os correspondentes nomeamentos.

O/as aspirantes proposto/as achegarán ante a Administración, no prazo de 20 días naturais dende o seguinte á súa publicación no taboleiro de anuncios do concello, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

A resolución de nomeamento será adoptada pola Alcaldía a favor do/a aspirante proposto/a polo tribunal, e deberá tomar posesión ou incorporarse no prazo dun mes a contar desde o seguinte a aquel en que se lle notifique o nomeamento.

Se o/a candidato/a a quen lle correspondera o nomeamento non fora nomeado, ben por ter desistido ou por non reunir os requisitos esixidos, poderá nomearse ó/a seguinte candidato/a, por estrita orde de puntuación, que tivera superado o proceso selectivo. Calquera renuncia ou imposibilidade deberán constar por escrito, engadíndose a este expediente.

Décima. Incidencias

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para interpretar as bases da convocatoria así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderán adoptar os acordos necesarios procurando o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

Décimo primeira. Disposición final

As bases xerais e específicas desta convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/99.

Bases específicas do proceso selectivo para a provisión, en réxime laboral fixo, de dúas prazas de peón de servizos varios

Primeira: obxecto da convocatoria

É obxecto desta convocatoria e bases a provisión, en réxime laboral fixo, de dúas prazas de peón de servizos varios (grupo 10), polo procedemento de concurso-oposición.

Segunda: descrición do posto de traballo

O posto de traballo a cubrir implica a realización das funcións propias do Departamento de Obras, Mantemento e Servizos, entre as que figuran:

- Realización de pequenas obras de albanelería, electricidade, fontanería e/ou carpintería.
- Limpeza de vías públicas e conservación de parques e xardíns.

- Axuda na prestación de servizos municipais.

- Conservación de edificios e instalacións municipais.

- Traslado de mobiliario.

- Actividades preparatorias de actos con intervención municipal.

- Tarefas de vixilancia e control de instalacións municipais.

Terceira: requisitos dos aspirantes

Ademais dos que figuran na base segunda das bases xerais que regulan esta convocatoria, os/as aspirantes deberán estar en posesión ou en condición de obter o certificado de escolaridade na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Cuarta: dereitos de exame

Os/as aspirantes deberán aboar, en concepto de dereitos de exame, a cantidade de 20 euros.

Quinta: composición do tribunal

Descrito na base sexta das bases xerais que rexen esta convocatoria.

Sexta: fase de concurso

Esta fase terá unha puntuación máxima de 1,5 puntos, equivalentes ao 30% da puntuación final do proceso selectivo. A valoración dos méritos alegados e acreditados en tempo e forma polos/as aspirantes farase de acordo co seguinte baremo:

a) Por servizos prestados no Concello do Irixo en postos de traballo relacionados coas tarefas a desenvolver no presente proceso selectivo: 0.20 puntos por mes traballado. Estes méritos acreditaranse mediante certificación expedida pola entidade local na que constarán as circunstancias acreditativas dos mesmos ou presentación do informe de vida laboral.

b) Por servizos prestados como peón de servizos en calquera outra administración local en postos de traballo relacionados coas tarefas a desenvolver neste proceso selectivo: 0.15 puntos por mes traballado. Estes méritos acreditaranse mediante certificación expedida pola entidade local na que fosen prestados os servizos, debendo constar nesta as circunstancias acreditativas dos mesmos ou presentación do informe de vida laboral.

c) Por servizos prestados en calquera outra Administración distinta da local en postos de traballo relacionados coas tarefas a desenvolver no presente proceso selectivo: 0.10 puntos por mes traballado. Estes méritos acreditaranse mediante certificación expedida pola entidade, na que constarán as circunstancias acreditativas dos mesmos ou presentación do informe de vida laboral.

d) Por servizos prestados na empresa privada tanto contratado por conta allea ou por conta propia en postos de traballo relacionados coas tarefas a desenvolver neste proceso selectivo: 0.10 puntos. Estes méritos acreditaranse mediante presentación do informe de vida laboral.

Sétima: fase de oposición

A fase de oposición constará de tres exercicios: unha proba teórica, unha proba práctica e unha proba de galego.

Esta fase terá unha puntuación máxima de 3,5 puntos, equivalentes ao 70% da puntuación final.

Os/as aspirantes serán convocados/as para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos da oposición os/as que non comparezan. Os/as aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI.

1º.- Primeiro exercicio: proba teórica, de carácter obrigatorio e eliminatorio, suporá o 30 % da puntuación final, máximo 1,5



puntos. O exercicio consistirá na realización dun exame tipo test relacionada coas funcións propias do posto de traballo, así como nos coñecementos básicos sobre o Concello do Irixo, consistente en 20 preguntas tipo test que deberán ser contestadas nun tempo máximo de 20 minutos por aspirante, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 1 punto para non quedar eliminado, cada dúas preguntas mal contestadas eliminan unha pregunta correcta, as preguntas non contestadas non eliminan.

2º.- Segundo exercicio: proba práctica, de carácter obrigatorio e eliminatorio, suporá o 30 % da puntuación final, máximo 1,5 puntos. O exercicio consistirá na realización dunha proba práctica, determinada polo tribunal e relacionada coas funcións propias do posto de traballo nun tempo máximo de 15 minutos por aspirante, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 1 punto para non quedar eliminado.

3º.- Terceiro exercicio: proba de galego, de carácter non eliminatorio e obrigatorio agás para os/as aspirantes que poidan acreditar o nivel de iniciación de lingua galega coa presentación do título do Celga 3, suporá o 10 % da puntuación final. Máximo 0,5 puntos. O exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, do castelán ó galego, dun texto que será facilitado polo tribunal, nun tempo máximo de 30 minutos.

Os/as aspirantes que poidan acreditar o nivel de iniciación de lingua galega deberán presentar a documentación acreditativa do mesmo, debidamente compulsada, xunto coa solicitude para participar neste proceso selectivo, e recibirán automaticamente os 0,50 puntos nos que está valorada a proba.

Oitava: relación de aprobados, presentación de documentos e nomeamento

Unha vez rematada a cualificación dos/as aspirantes o tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación. A relación de aprobados confeccionarase cos/as aspirantes que, sumando todas as fases do procedemento de selección, obteñan a maior puntuación sen que, en ningún caso o número de aspirantes aprobados poida exceder o número de prazas convocadas.

O/a aspirante proposto/a presentará, na Secretaría do concello, no prazo de 20 días naturais dende o seguinte ao da publicación da proposta, os seguintes documentos:

a) Fotocopia do seu documento nacional de identidade, que se deberá presentar xunto co orixinal para ser debidamente compulsado.

b) Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas.

c) Declaración xurada de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

d) Certificado médico oficial acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que aspira.

Se dentro do prazo indicado, e excepto causa de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presenta a documentación esixida, quedarían anuladas tódalas actuacións, perdendo todo o dereito ao seu nomeamento, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incurrir por falsidade ou calquera outra.

Unha vez cumpridos os citados requisitos, a Alcaldía efectuará o nomeamento do/a aspirante proposto/a, que deberá tomar posesión no prazo dun mes contado dende o seguinte ao da notificación do nomeamento, quedando en situación de cesante cando, sen causa xustificada, non o fixese dentro do prazo indicado.

Edicto

Por Resolución de la Alcaldía de fecha 5 de junio de 2018, de acuerdo con lo dispuesto en la LRBRL, se aprobaron las bases reguladoras, generales y específicas, que se hacen públicas en los siguientes términos:

Proceso selectivo para la provisión de plazas vacantes en la relación de puestos de trabajo del Ayuntamiento de O Irixo

En cumplimiento del establecido en la LRBRL, se hace público que, por Resolución de la Alcaldía de 5 de 6 de 2018, se aprobó la convocatoria y las bases que regirán la provisión, por el procedimiento de concurso-oposición, de dos plazas de personal laboral fijo vacantes en la relación de puestos de trabajo del ayuntamiento.

Contra esta resolución, que pone fin a la vía administrativa, se podrá interponer un recurso de reposición ante la Alcaldía de este ayuntamiento, en el plazo de un mes contado a partir del día siguiente al del último día de publicación del anuncio en los boletines oficiales correspondientes, o bien, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia o en los Juzgados de lo Contencioso-Administrativo en el plazo de dos meses contados a partir de la misma fecha, sin perjuicio de que se pueda interponer cualquier otro recurso que se considere pertinente.

El texto íntegro de las bases aprobadas se inserta a continuación:

Bases generales, bases específicas y convocatoria del proceso de provisión de dos plazas de personal laboral fijo vacantes en la relación de puestos de trabajo del ayuntamiento, por el procedimiento de concurso-oposición.

Bases generales

Primera. Objeto

La presente convocatoria y bases tienen por objeto a regulación de los procesos selectivos de personal para la provisión de 2 plazas de personal laboral fijo, que a seguir se relacionan, vacantes en la plantilla laboral del Ayuntamiento de O Irixo, por el procedimiento de concurso-oposición:

- 2 Plazas de peón de servicios varios.

Segunda. Requisitos de los aspirantes

1.- Para poder participar en los procesos selectivos será necesario reunir los requisitos que de seguido se relacionan, sin perjuicio del que establezcan las respectivas bases específicas de cada una de las plazas ofertadas:

a) Tener nacionalidad española, o ser nacional de un estado miembro de la Unión Europea, o de otro estado, de conformidad con lo establecido en el artículo 57 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público.

b) Tener cumplidos 16 años y no exceder, en su caso, de la edad máxima de jubilación forzosa.

c) No padecer enfermedad, ni defecto físico, o psíquico incompatible con el desempeño de las correspondientes funciones.

d) No estar separado/a del servicio de ninguna administración pública en virtud de expediente disciplinario, ni encontrarse inhabilitado, por sentencia firme, para el ejercicio de las funciones públicas.

y) No estar incurso en causa de incapacidad o incompatibilidad que determine la legislación vigente.

f) Estar en posesión del título académico exigido en las bases específicas de cada plaza en la fecha en que finalice el plazo de presentación de instancias. En el caso de titulaciones obtenidas en el extranjero se deberá tener la credencial que acredite su homologación.

g) Estar en posesión del carnet de conducir tipo C.

h) Cualquier otro requisito que se fije en las bases específicas de cada convocatoria.